

BASES CONVOCATORIA



aterra
GDR Límía-Arnoía

Para arrendamento das parcelas da “Finca Antela”,
propiedade da Deputación provincial de Ourense

ÍNDICE

1.	INTRODUCCIÓN	3
2.	OBJECTO E FINALIDADE	3
3.	DEFINICIÓN	3
4.	TIPOLOXÍA DE SOLICITANTES	4
5.	OBRIGAS TRIBUTARIAS	4
6.	CONDICIÓN A CUMPRIR NO ARRENDAMENTO E NOS CULTIVOS	4
7.	PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA	6
8.	FORMA E LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES	6
9.	PRAZO DE SOLICITUDE	6
10.	CRITERIOS DE PRIORIDADE	7
11.	LIMITACIÓN AOS CULTIVOS	9
12.	DOCUMENTACIÓN PARA A SOLICITUDE	9
13.	DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA	9
14.	DESCRIPCIÓN DOS LOTES	10
15.	TRAMITACIÓN E RESOLUCIÓN	11
16.	NOTIFICACIÓN	11
17.	FORMALIZACIÓN E VIXENCIA DO CONTRATO DE ARRENDAMENTO	11
18.	EXTINCIÓN E PROCEDEMENTO SANCIONADOR	12
	ANEXOS	12

1. INTRODUCCIÓN

O GDR Limia-Arnoia pon en marcha en novembro de 2022 un proxecto chamado Aterra, un proxecto que nace co lema *“Recuperar a terra. Diseñar o futuro”*, para solucionar a demanda de terreos agrícolas do noso territorio. Pretende axudar ao futuro dos nosos recursos impulsando novos proxectos agrarios no territorio no que traballa.

O obxectivo principal de Aterra é dinamizar o territorio do GDR Limia-Arnoia e recuperar a terra abandonada ou en desuso, así como conectar persoas propietarias de terras con persoas demandantes de terra para o desenvolvemento do seu proxecto.

Dada a necesidade de terreos por parte de moitos agricultores e gandeiros da zona e tendo coñecemento que a denominada *“Finca Antela”*, propiedade da Deputación de Ourense e localizada no concello de Sandiás, se atopa en desuso na actualidade, O GDR Limia-Arnoia acorda coa Deputación Provincial de Ourense a cesión desta superficie agrícola para o desenvolvemento do proxecto *“Aterra”*.

A Deputación Provincial de Ourense aproba por unanimidade a cesión no pleno do 19 de xaneiro de 2024, por ser unha medida de apoio ao sector agrario provincial que guía á institución provincial como ferramenta para a posta en valor e defensa do medio rural como creador de riqueza e benestar.

2. OBXECTO E FINALIDADE

O obxecto desta iniciativa é o arrendamento da superficie cultivable da denominada *“Finca Antela”* a explotacións agro gandeiras da zona. A finalidade das presentes bases é definir con claridade os condicionantes e criterios polos que se vai a rexer a formalización dos arrendamentos coas persoas adxudicatarias.

A finalidade do GDR respecto ó aproveitamento destas parcelas é a de promocionar unha agricultura sostible, respectuosa co medio e coa ecoloxía. Deste xeito, darase prioridade ás explotacións que respecten estes principios.

3. DEFINICIÓNS

1. **Persoa agricultora de nova incorporación:** a persoa que, no momento da publicación das presentes bases no BOP, teña feitos os dezoito anos e non teña máis de corenta anos, e se estableza nunha explotación agraria por primeira vez como titular desa explotación; poderá establecerse de xeito individual ou xunto con outros agricultores, en calquera forma xurídica.
A persoa exerce o control efectivo sobre a persoa xurídica cando as accións ou participacións da persoa supoñan, polo menos, un capital social igual ou superior ao da persoa socia con maior participación e, ademais, formen parte da xunta reitora ou órgano de goberno.

2. **Persoa agricultora profesional:** a persoa física ou xurídica que, sendo titular dunha explotación agraria, obteña polo menos o 50 % da súa renda total de actividades agrarias ou doutras actividades complementarias, sempre e cando a parte da renda procedente directamente da actividade agraria da súa explotación non sexa inferior ao 25 % da súa renda total e o volume de emprego dedicado a actividades agrarias ou complementarias sexa igual ou superior á metade dunha unidade de traballo agrario.
Para estes efectos, consideraranse actividades complementarias a participación e presenza da persoa titular, como consecuencia de elección pública, en institucións de carácter representativo, así como en órganos de representación de carácter sindical, cooperativo ou profesional, sempre que estes se atopen vinculados ao sector agrario. Tamén se considerarán actividades complementarias as de transformación dos produtos da explotación agraria e a venda directa dos produtos transformados da súa explotación, sempre e cando non sexa a primeira transformación especificada no punto 1 do artigo 2 da Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias, así como as relacionadas coa conservación do espazo natural e protección do ambiente, o turismo rural ou agro turismo, ao igual que as cinxéticas e artesanais realizadas na súa explotación.
3. **Persoa agricultora de recente incorporación:** a persoa que, no momento da publicación das presentes bases no BOP non leve mais de 5 anos incorporado a agricultura.
4. **Lote:** Superficie cultivable delimitada polo GDR Limia Arnoia dentro da “Finca Antela”, destinada ao arrendamento.

4. TIPOLOXÍA DE SOLICITANTES

1. Persoa física ou xurídica que cumpra a condición de persoa agricultora profesional no momento da publicación das bases no BOP.
2. As persoas agricultoras de nova incorporación que se comprometan a darse de alta en actividade agraria nun prazo máximo de 12 meses contados a partir da data da sinatura do contrato de arrendamento.

5. OBRIGAS TRIBUTARIAS

1. As persoas solicitantes deben estar ao día no cumprimento das súas obrigas coa AEAT: Axencia Estatal da Administración Tributaria.
2. As persoas solicitantes deben estar ao día no cumprimento das súas obrigas coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social.
3. As persoas solicitantes deben estar ao día no cumprimento das súas obrigas coa ATRIGA: Axencia Tributaria de Galicia.

6. CONDICIÓNS A CUMPRIR NO ARRENDAMENTO E NOS CULTIVOS

Á hora de solicitar o arrendamento dalgún dos lotes que forman parte da “Finca Antela”, deberanse cumprir as seguintes condicións tanto no arrendamento como no cultivo:

ARRENDAMENTO:

1. Cada persoa poderá presentar **únicamente unha solicitude**.
2. O prezo do alugueiro establécese en **300€ /Ha por ano**, IVE incluído.
Estarán exonerados o primeiro ano os agricultores de nova incorporación ou aqueles que se desen de alta nun período máximo de 12 meses antes da publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.
3. A adxudicación dos lotes será en función da puntuación obtida segundo o baremo destas bases e o reparto será realizado segundo o criterio técnico do GDR Limia Arnoia.
4. Cada solicitante poderá optar, en principio, á concesión **dunha soa parcela**.
As parcelas serán adxudicadas segundo o criterio técnico do GDR co último fin de satisfacer o maior número de demandas. Non obstante, o equipo técnico do GDR poderá agrupar varios lotes individuais co fin de satisfacer as demandas existentes. O criterio técnico do GDR prevalecerá na adxudicación dos lotes.
5. O arrendatario non poderá dispoñer das parcelas para o seu uso ata o **15 de agosto de 2024**.
6. As parcelas arrendaranse por un período máximo de **5 anos con posibilidade de prórroga de 3 anos (ata un total de 8 anos)**. *(Segundo a Lei 49/2003, de 26 de novembro, de Arrendamientos Rústicos)*.
7. A data de inicio e fin do período de arrendamento, deberá adaptarse ao **ciclo de cultivo** característico da zona, polo que se recomenda o período que abrangue do **1 de novembro ao 31 de outubro**.
8. Nas parcelas seguirase de xeito exhaustivo o **código galego de boas prácticas agrícolas**.
9. A representación ante a Comunidade de Regantes Lagoa de Antela seguirá manténdose por parte da Deputación de Ourense, comprometéndose o arrendatario a cumprir os acordos tomados por ela. O arrendatario asumirá os gastos fixos de regadío e tamén os orixinados polo consumo anual de cada parcela.
10. O arrendatario non poderá solicitar subvencións ante ningunha administración que excedan do período de arrendamento.
11. Calquera acción que non se axuste á legalidade en materia agrícola ou medioambiental será responsabilidade exclusivamente do arrendatario.

CULTIVO:

1. Os cultivos implantados na “Finca Antela” terán que ser amparados baixo o **Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia (CRAEGA)**, segundo o regulamento

2018/848, publicado na dirección web: <https://www.craega.es/regulamentos-e-normativas/#regulamento>

2. Deberase entregar como documentación complementaria da solicitude, un plan de cultivos e actuacións detallado que englobe os cinco anos de concesión. Devandito plan será estudado polos técnicos do GDR, que emitirán un informe atendendo, tanto á conservación produtiva das propias terras como á defensa do medio natural e levarase á comisión de seguimento para a súa aprobación. Os adxudicatarios facilitarán a realización de inspeccións por parte dos técnicos do GDR Limia Arnoia para comprobar que os bens se destinan ao fin que motiva a cesión e que se cumpre co recollido no plan de cultivo.

3. En canto a rotación dos cultivos:

- Para a pataca estableceranse 3 anos.
- Resto de cultivos 2 anos.

O cultivo da pataca será un cultivo moi controlado co fin de previr a infestación das parcelas polo “Nematodo Dourado” da pataca, entendendo que manter as devanditas parcelas libres da praga debe ser unha prioridade por ambas partes.

7. PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA

A convocatoria publicarase no BOP, na web de Aterra (www.aterra.gal), na web do GDR Limia Arnoia (www.limia-arnoia.gal) e tamén na prensa local e provincial.

O documento das bases e anexos da convocatoria publicarase na web de Aterra.

8. FORMA E LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

O procedemento a seguir para para presentar as solicitudes, será o seguinte

1. Cubrir na web de Aterra un formulario cos seguintes datos:

- Nome e apelidos
- Dirección postal
- Teléfono
- Correo electrónico

2. Despois de completar o formulario, descargaranse os anexos correspondentes e enviaranse cumprimentados xunto coa documentación complementaria solicitada o correo electrónico: info@aterra.gal, e entenderase por rexistrado cando o GDR envíe un correo electrónico coa mensaxe “Recibido. O seu número de rexistro é ...”.

9. PRAZO DE SOLICITUDE

O prazo de presentación das solicitudes será de 20 días naturais dende o día seguinte á publicación do presente documento no BOP de Ourense.

10. CRITERIOS DE PRIORIDADE

Para levar a cabo a adxudicación das parcelas haberá dous tipos de criterios de prioridade, aos cales se lle dará unha ponderación que serán:

1. Solicitantes: 40 %
2. Tipos de cultivo: 60 %

10.1. Segundo os solicitantes

A primeira premisa a ter en conta cos solicitantes de terra será facilitar e favorecer a incorporación de **novos agricultores á agricultura, en especial as mulleres do rural**, de tal xeito que ao cederlles terra agrícola se lle dea a oportunidade de desenvolver unha actividade económica rendible, tanto para eles como para a sociedade, ao reducir o abandono do mundo rural. Tamén se puntuará os agricultores incorporados que se deran de alta fai menos de 5 anos.

Por outra banda tamén se fomentará o asociacionismo e o cooperativismo como xeito indiscutible de manter unha agricultura moderna e competitiva. En atención a isto, e considerando a pouca presenza destas entidades na provincia, primarase a concesión das parcelas a cooperativas ou outras figuras asociacionistas.

Por último, favorecerase a concesión de parcelas aos agricultores que teñan a súa explotación dentro dun dos 25 concellos do ámbito do GDR Limia Arnoia ou na comarca da Limia.

Tendo en conta estes tres puntos, a baremación en canto ao tipo de solicitante quedaría do seguinte xeito:

1. Persoa agricultora de nova incorporación que aínda non teñan iniciado a súa explotación agrícola:
11 puntos
2. Novos agricultores xa incorporados fai menos de 5 anos:
8 puntos
3. Mulleres titulares de explotación, sociedades titulares de explotación nas que as mulleres ostenten polo menos o 50% da participación, ou mulleres que teñan previsto incorporarse á actividade agro gandeira:
4 puntos
4. Persoas con discapacidade:
5 puntos
5. Cooperativas agrícolas, SATs e outras asociacións reguladas pola lexislación vixente en materia de asociacionismo (constituídas legalmente e con actividade, como mínimo un ano antes da data da solicitude)
10 puntos

6. Solicitantes que teñan a súa explotación dentro dun Concello do ámbito do GDR Limia Arnoia

14 puntos

- 6.1. Solicitantes dun dos concellos que integran a antiga Lagoa de Antela (Rairiz de Veiga, Vilar de Santos, Sandiás, Vilar de Barrio, Sarreaus, Xinzo de Limia, Trasmiras, Porqueira e Xunqueira de Ambía)

16 puntos

10.2. Segundo os tipos de cultivo

A concesión en aluguer das parcelas propiedade da deputación deben velar por evitar a sobre explotación do solo útil das mesmas, ademais de controlar a infestación das parcelas por nematodo ou outras pragas, un problema que está a sufrir a comarca da Limia debido a sobre explotación do binomio pataca-cereal.

As parcelas que se van a alugar, levan anos sen cultivar polo tanto son terras libres de nematodo, de bacterias, de abonos mal compostados, etc motivo polo cal se se decidiu que todos os cultivos que se realicen teñen que estar **certificados en ecolóxico polo CRAEGA**.

Para isto, ademais de establecer un código de boas prácticas agrícolas e atendendo a introdución no plan de cultivos (*mencionado nas obrigas do solicitante*) establécense os seguintes criterios:

1. Cultivos de horta (repolo, verza, cebola, leituga, porro...):
27 puntos
2. Cereais autóctonos: Millo (corgo, osoro, tui e oubiña) e trigo (calobre e caaveiro):
25 puntos
3. Introducción de novos cultivos “mellorantes do solo” (colza, soia, mostazas, plantas biocidas, leguminosas...):
23 puntos
4. Cultivos cerealistas:
17 puntos
5. Cultivo de pataca da denominación *IXP Pataca de Galicia*:
19 puntos
6. Cultivos forraxeiros (millo, sorgo..):
17 puntos
7. Prados
12 puntos

Unha vez contabilizados os criterios de prioridade se houbera empate, terán prioridade os solicitantes do territorio do GDR e se seguira o empate terá prioridade a orde de entrada da solicitude.

****NOTA: No caso do cultivo de prado soamente se permitirá o 20% do total da extensión que se arrenda. Deste xeito a superficie máxima dos lotes que se destinarán a prado será de 9,86018 Ha.***

10.3 Criterios de asignación dos lotes

Para a asignación dos lotes, en caso de que se produza empate entre varios solicitantes que elixiran preferentemente o mesmo lote, terase en conta o momento da presentación e en último caso, decidirá o equipo técnico do GDR Limia Arnoia.

11. LIMITACIÓNS AOS CULTIVOS

Deberase manter libre de cultivos altos (millo e similares...) unha distancia de 5 metros lineais dende o peche do aeródromo. É preciso deixar esta superficie sen cultivar para permitir a maniobrabilidade das avionetas en terra e tamén por visibilidade da pista de aterraxe.

É importante ter en conta tamén que na cabeza da pista (zona do lote nº 16) as avionetas van a crear bastantes turbulencias no aire no momento do despegue, polo que os cultivos con altura tamén se poden ver afectados.

12. DOCUMENTACIÓN PARA A SOLICITUDE

- Anexo I (Formulario de solicitude)
- Anexo II (Plan de cultivo)

Ámbolos dous anexos deberán estar debidamente cumprimentados.

13. DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

- DNI Solicitante
- Última declaración do IRPF (declaración da renda)
- Documento acreditativo do REAGA de ser titular da explotación
- Informe de vida laboral
- Certificados de estar ao corrente coa Seguridade Social, AEAT e Atriga
- Se é unha persoa agricultora de nova incorporación, declaración responsable do compromiso de darse de alta antes dun ano dende a firma do contrato de arrendamento.
- No caso de persoas con discapacidade: Tarxeta acreditativa do grao de discapacidade.
- Certificado de empadramento, no caso dunha persoa agricultora de nova incorporación.

14. DESCRIPCIÓN DOS LOTES

Os lotes destinados ao arrendamento na “Finca Antela”, localizados no polígono 177 do concello de Sandiás son os seguintes (VER MAPA ANEXO 3):

- **LOTE 1:**
 - Superficie: 4,2019 Ha
- **LOTE 2:**
 - Superficie: 3,7780 Ha
- **LOTE 3:**
 - Superficie: 3,7325 Ha
- **LOTE 4:**
 - Superficie: 3,1711 Ha
- **LOTE 5:**
 - Superficie: 3,2742 Ha
- **LOTE 6:**
 - Superficie: 2,7922 Ha
- **LOTE 7:**
 - Superficie: 1,8750 Ha
- **LOTE 8:**
 - Superficie: 1,5816 Ha
- **LOTE 9**
 - Superficie 9A: 1,9562 Ha
 - Superficie 9B: 2,4558 Ha
- **LOTE 10:**
 - Superficie 10A: 0,7854 Ha
 - Superficie 10B: 1,6949 Ha
- **LOTE 11:**
 - Superficie 11A: 0,6637 Ha
 - Superficie 11B: 1,8884 Ha
- **LOTE 12:**
 - Superficie 12A: 0,3761 Ha
 - Superficie 12B: 1,7698 Ha
- **LOTE 13:**
 - Superficie 13A: 0,0728 Ha
 - Superficie 13B: 1,7071 Ha

- **LOTE 14:**
 - Superficie: 6,0172 Ha

- **LOTE 15:**
 - Superficie: 3,0376 Ha

- **LOTE 16:**
 - Superficie: 2,4693 Ha

15. TRAMITACIÓN E RESOLUCIÓN

Unha vez recibidas as solicitudes de arrendamento enviarase unha carta certificada con acuse de recibo a cada un dos solicitantes cos requirimentos precisos e concederáselle un prazo de 10 días hábiles dende o día seguinte á recepción da notificación para emenda da documentación. A non aportación de toda a documentación solicitada será motivo de exclusión.

Transcorrido o prazo de emenda publicarase nun prazo máximo de 15 días naturais a listaxe de solicitudes ordenados por orde de puntuación e coa parcela asignada a cada un dos expedientes.

16. NOTIFICACIÓNS

O GDR Limia-Arnoia enviará por correo electrónico e por carta certificada a resolución individual a cada adxudicatario, especificando a puntuación obtida e o lote adxudicado. A resolución xeral será posta a disposición na web do GDR Limia Arnoia (<https://www.limia-arnoia.gal/>) e na web de Aterra (<https://aterra.gal/>)

17. FORMALIZACIÓN E VIXENCIA DO CONTRATO DE ARRENDAMENTO

Despois da publicación da adxudicación dos lotes aos agricultores beneficiarios, asinarase un documento (Anexo VI) no que se aceptará dita adxudicación coas condicións especificadas nestas bases e no que se aceptará cumprir os criterios de puntuación que se lle deron.

O adxudicatario disporá dun prazo de 60 días naturais como máximo para formalizar o contrato de arrendamento en documento público co GDR Limia Arnoia. Os gastos notariais e dos impostos correspondentes son a cargo do arrendatario.

A vixencia do contrato de arrendamento será de 5 anos, prorrogables a 8, previa solicitude do arrendatario e valoración do comité de seguimento. A solicitude de prórroga deberá realizarse cun prazo de antelación maior de 6 meses antes da fin do contrato. Co fin de respectar o ciclo de cultivo natural, se o contrato remata antes da data de colleita do cultivo, entenderase prorrogado ata o 31 de outubro dese mesmo ano.

O pagamento da cota anual de arrendamento deberá realizarse antes do 31 de xaneiro de cada ano natural. A cota correspondente ao primeiro ano abonarase en función da data de firma do contrato, e o arrendatario deberá pagar a parte anual proporcional que corresponda.

18. EXTINCIÓN E PROCEDEMENTO SANCIONADOR

O contrato de arrendamento considerarase extinto se transcorren os 5 anos de vixencia e non existe solicitude de prórroga, que deberá ser presentada cunha antelación mínima de 6 meses antes da fin do contrato, por parte do arrendatario.

Se calquera das partes quere dar por finalizado o contrato, debe avisar á outra parte cunha antelación de 6 meses, e poderá resolverse de mutuo acordo entre elas.

Será causa de anulación inmediata do contrato de arrendamento o seguinte:

1. Incumprimento do abono da cota de arrendamento.
2. Incumprimento do compromiso de darse de alta no CRAEGA no prazo de 3 meses.
3. Incumprimento do plan de cultivo.
4. Incumprimento do abono das cotas da Comunidade de Regantes.
5. Subarrendamento das parcelas.

ANEXOS

1. ANEXO I: FORMULARIO DE SOLICITUDE
2. ANEXO II: PLAN DE CULTIVO
3. ANEXO III: PLANO DOS LOTES
4. ANEXO IV: DECLARACIÓN RESPONSABLE CO COMPROMISO DE DARSE DE ALTA
5. ANEXO V: DECLARACIÓN RESPONSABLE CO COMPROMISO DE CULTIVAR EN ECOLÓXICO
6. ANEXO VI: ACEPTACIÓN DA ADXUDICACIÓN DOS LOTES E DAS CONDICIÓNS DAS BASES